

Expediente	Entidade	CIF	Axuda
CD945C-2009-4-4	Agrupación Deportiva Terra de Montes	G36198570	1.999,00 €
CD945C-2009-76-5	Agrupación Deportiva Val Miñor	G36683985	2.421,00 €

CONSELLERÍA DE FACENDA

Decreto 407/2009, do 29 de outubro, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, do uso de parte dun local feita polo Concello de Meis á Comunidade Autónoma de Galicia, para a instalación dun punto de encontro de cuadrillas contra incendios e motobombas do distrito forestal XIX de Caldas-Salnés.

O Pleno do Concello de Meis, en sesión do día 30 de setembro de 2008, acordou ceder, a título gratuito, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, o uso de parte dun local, por un período de vinte anos, para que sexa usado como punto de encontro de cuadrillas contra incendios e motobombas do distrito forestal XIX de Caldas-Salnés, dependente da Consellería do Medio Rural que ten conferida a competencia en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o correspondente expediente de aceptación de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 33, 34 e 38 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase nos termos establecidos polo Concello de Meis a cesión, a título gratuito, do uso do inmovible seguinte:

Local, cunha superficie de 124 m². Este local radica dentro do predio rústico mercado do gando, situado no concello de Meis, no camiño da Gándara, parroquia de San Vicente de Nogueira que linda, segundo rexistro: ao norte, estrada asfaltada que a separa de terreos de labrado; ao sur, vía rápida do Salnés VR-G41; ao leste, muro de formigón que o separa da propiedade de José Abal Vidal e ao oeste, camiño de terra.

O inmovible atópase inscrito no Rexistro da Propiedade de Cambados (Pontevedra) no tomo 221, libro 26, folio 246, predio 1835 e o local cedido forma parte do predio catastral co número de referencia catastral: 36028A328001250000IX.

Artigo 2º

O destino do inmovible será a instalación dun punto de encontro de cuadrillas contra incendios e motobombas do distrito forestal XIX de Caldas-Salnés.

Artigo 3º

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, procederá á formalización da cesión no correspondente documento público.

Disposición derradeira

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 13 de novembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

O obxecto dos proxectos que se van financiar neste exercicio mediante esta orde de convocatoria ademais de mellorar a calidade das accións formativas e estender o subsistema de formación profesional para o emprego cara a ámbitos en que aínda non está plenamente introducido, especialmente ás pequenas e medianas empresas co fin de facilitar o acceso á formación dos seus traballadores.